



**ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS DO ALUMNADO DO GRAO EN HUMANIDADES NOS MUSEOS PROPIOS E XESTIONADOS POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.**

**REÚNENSE:**

Dunha parte, Román Rodríguez González, en nome e representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en virtude do seu cargo de conselleiro para o que foi nomeado polo Decreto 15/2015, do 9 de febreiro (DOG nº 273 do 10 de febreiro de 2015), no exercicio das súas competencias que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente.

Doutra parte, Xosé Luís Armesto Barbeito, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña con enderezo social na rúa Maestranza s/n da Coruña e con CIF Q-655005J que actúa en nome e representación da mesma no uso das atribucións que lle confire o art. 36.1.f dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio, da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 194/2007 de 11 de outubro polo que se outorgan ao reitor a facultade para asinar convenios no nome da Universidade.

Ámbas as dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar a presente Addenda e, para os efectos.

**MANIFESTAN**

**Primeiro.** Mediante convenio asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade da Coruña o 28 de setembro de 2012 acordouse a colaboración para a realización de prácticas académicas externas do alumnado do Grao en Humanidades.

**Segundo.** Posteriormente, e dada o oferta de prazas de prácticas académicas externas no **Máster Universitario En Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas** estímase oportuno ampliar o ámbito de aplicación deste convenio coas devanditas prácticas.

**Terceiro.** Como consecuencia do exposto, é preciso realizar unha modificación do convenio de colaboración que afectará exclusivamente ás cláusulas primeira, segunda, terceira, Anexos I e II.

Por todo isto, as partes acordan formalizar unha addenda ao convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

## CLAUSULAS

**Primeira.** O obxecto desta addenda ao convenio de colaboración é incluír ao alumnado do **Máster Universitario en Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas** dentro do ámbito de aplicación do convenio de forma que poidan realizar prácticas académicas externas xunto co alumnado do Grao en Humanidades.

**Segunda.** Modifícase a cláusula primeira do convenio de colaboración que quedará redactada da seguinte forma:

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre as partes de cara a unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación das prácticas tuteladas do Prácticum (materia optativa de 6 ECTS) do alumnado da titulación do Grao en Humanidades da Universidade da Coruña e do **Máster Universitario en Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas** nas dependencias dos museos propios e xestionados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**Terceira.** Modifícase a cláusula segunda do convenio de colaboración que quedará redactada da seguinte forma:

O obxecto das prácticas é o desenvolvemento por parte do alumnado do Grao en Humanidades e do **Máster Universitario en Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas** das tarefas adecuadas ao seu nivel de formación que lle sirvan para adquirir unha experiencia enriquecedora que, unha vez finalizado o seu período de estudos, poida dispoñer dunha perspectiva que lle permita a súa inserción no mundo laboral.

**Cuarta.** Modifícase a cláusula terceira do convenio de colaboración que quedará redactada da seguinte maneira:

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria acollerá ao alumnado do Grao en Humanidades e do Máster en Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas nos museos propios e xestionados en calidade de estadía de prácticas de acordo coas convocatorias que faga a UDC.

### **Quinta.**

Modifícase o Anexo I do convenio de colaboración que queda redactado da seguinte forma:

Anexo I ao Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade da Coruña para a realización de prácticas externas do alumnado do Grao en Humanidades e do Máster Universitario en Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas.

O/a estudante que abaixo asina concede a súa conformidade para participar no programa de prácticas externas curriculares do Grao en Humanidades e do Máster Universitario en Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas da Universidade da Coruña ao abeiro do convenio referido anteriormente e declara coñecer e aceptar as normas establecidas no mencionado convenio.





**DATOS DO/A ESTUDANTE**

Nome e apelidos:

DNI:

Enderezo:

Teléfono:

Titulación:

**DATOS DO MUSEO E DA PRÁCTICA:**

Persoa de contacto:

Teléfono:

Enderezo onde se realizará a práctica:

Data de comezo:

Data de remate:

Xornada e horarios:

Número total de horas:

Líña de traballo:

**TITORES**

Profesional:

Académico:

**SEGUROS**

, a de 201

Polo Museo

O/a estudante

Pola Facultade

Asdo.:

Asdo.

Cargo:

NOTA: este anexo cubrirase por triplicado: 1 exemplar para o centro, 1 exemplar para a Entidade e 1 exemplar para o/a estudante

**Sexta.**

Modifícase o Anexo II do convenio de colaboración que quedará redactado da seguinte forma:

Relación de museos nos que poderán desenvolverse as prácticas externas do alumnado do Grao en Humanidades e do Máster Universitario en Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas da Universidade da Coruña.

MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS E DE SANTIAGO (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

MUSEO MASSÓ DE BUEU (PONTEVEDRA)

MUSEO ETNOLÓXICO DE RIBADAVIA (OURENSE)

MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL DE OURENSE

MUSEO DO CASTRO DE VILADONGA (LUGO)

MUSEO PEDAGÓXICO DE GALICA (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

**Sétima.** As restantes cláusulas do convenio, en tanto non queden afectadas por esta addenda, permanecen invariables e mantefien plena vixencia.

En proba de conformidade cos termos da presente addenda as dúas partes asinan por triplicado exemplar no lugar e data expresados.

Santiago de Compostela, a **22 XUN. 2015**

POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Xosé Luís Armesto Barbeito

2015

POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Román Rodríguez González